



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Modificación da Ordenanza fiscal n.º 16, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas*

#### ANUNCIO

**Aprobación inicial da “Modificación da Ordenanza fiscal número 16, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas do concello de Pontedeume”**

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal número 16, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas do Concello de Pontedeume.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co que se establece no artigo 49 c) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, procedéndose á publicación á que fai referencia o artigo 70.2 desta lei.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 5 de xaneiro de 2020.

2021/41